

Hélène Delforge

Pai



Quentin Gréban



algar

Cando me din
«gastaches 20 anos nela»,
sempre me entran ganas de responder...

«tan só?»



«O xenio é un 5 % de inspiración e un 95 % de transpiración»,
diciá Beethoven.

Hoxe aveciñase un cero de inspiración.

E a transpiración non fai ren.

Ese *Hit the Road, Jack* buliga máis
ca un mamut nunha saca.

Endexamais estarei presto para un concerto...

La, sol, fa, mi. La, plong, fa...

Ese sol! Non podo tropezar outra vez nese sol!

Paro. Dabondo.

Chegas en tromba.

—Continúa, Papá!

Máis «doniucambac gnomógnomógnomógnomó»!

—Agora non, Papá está anoxado.

—Porfi, Papá!

Volves abrir o piano, dáslle un bico á partitura, instálaste...

Cantas.

Lánzome, unicamente por ti, pola túa voz cativa...

Volvo achar o pracer de tocar.

Non che sei se dei co sol ou non;

xa imos tres notas máis lonxe, ti e mais eu.

Lanzámonos á música.

«Gnomógnomógnomógnomó!»

A miña música é un 95 % de inspiración.

Un 95 % de ti.

